

PROCEDEMENTO: CT207K. Desenvolvemento do sector dos videoxogos na Comunidade Autónoma de Galicia .

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1.O día 10 de decembro de 2024, DOG núm. 237, publícase a Resolución do 11 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o desenvolvemento do sector dos videoxogos na Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2025 (código de procedemento CT207K).

2.Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 10 de xaneiro de 2025, procédese ao exame das solicitudes recibidas, relacionadas no Anexo I, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.

3.Con data 12 de marzo de 2025 réúnese a Comisión de Valoración, nomeada ao efecto, para avaliar as solicitudes que se relacionan no Anexo II por ser as que cumpren co establecido nas bases da convocatoria.

Rematada esta reunión, a devandita Comisión, redactou a correspondente acta e o informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas, recollidas no Anexo III, en aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas bases reguladoras.

4.O día 25 de marzo de 2025, unha vez instruído o procedemento e entregado o informe preceptivo por parte da comisión avaliadora, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (en diante, Agadic), como órgano instrutor, emitiu informe e ditou unha proposta de resolución na que se indica o número de solicitudes presentadas, admitidas, as solicitudes susceptibles de percibir subvención e o importe económico que se propón para cada unha delas e as solicitudes desestimadas.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.É competente para a resolución de concesión da axuda o presidente do Consello Reitor de Agadic, de conformidade co disposto no artigo 18.2 da Resolución do 11 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o desenvolvemento do sector dos videoxogos na Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2025 (código de procedemento CT207K),

2. A Resolución do 11 de novembro de 2024, establece que o presidente do Consello Reitor de Agadic, por delegación do Consello Reitor (disposición adicional do Acordo do 24 de xullo de 2021, DOG n.º 164), deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data da proposta de resolución.

3.Todos os expedientes de solicitudes de subvencións a desenvolvemento do sector dos videoxogos recibidos ao abeiro da convocatoria para o ano 2025, co código de procedemento CT207K, foron tramitados e estudados conforme ás bases desta.

4.O día 12 de marzo de 2025, a comisión de valoración reúne para avaliar as solicitudes conforme aos criterios de valoración expresados no artigo 16 da convocatoria e emite a súa acta e o correspondente informe.

5.Como resultado de todo o proceso, o director de Agadic emite informe e presenta a súa proposta de resolución de conformidade co artigo 18 das bases reguladoras o día 25 de marzo de 2025.

Por todo o anteriormente exposto, tras examinar a proposta de resolución do director de Agadic, e de conformidade con ela,



RESOLVO:

1. Admitir as solicitudes que se relacionan no Anexo II por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.
2. Conceder a subvención, e polos importes que se expresan, as persoas solicitantes que se relacionan no Anexo IV.
3. Desestimar as solicitudes que se relacionan no Anexo V, por non acadar a puntuación mínima esixidas nas bases reguladoras.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor de Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto. Unha vez transcorrido o devandito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O presidente do Consello Reitor de Agadic



José Carlos López Campos

ANEXO I

SOLICITUDES RECIBIDAS

Exp	Solicitante	NIF	Proxecto
2025VX/001	MELGO CINEMA, SOCIEDAD LIMITADA	B70567672	"O noso pasar: A nosa fantasía"
2025VX/002	ILUX VISUAL TECHNOLOGIES, SL	B70089131	Caminos de vida
2025VX/003	AQUELADAS, S. COOP. XUVENIL	F05294558	MACEN-93
2025VX/004	ANDREA RODRIGUEZ LÓPEZ	**2732***	Unicorn Wars
2025VX/005	Ruth María González González	**9777***	CAPÍTULO 3 TRISTAN TÉLLEZ
2025VX/006	Cristela Torres Nine	**4908***	PORTALÉN
2025VX/007	TESTAFERRO, SL	B56685720	SANDWICH CAT (O VIDEOXOGO)
2025VX/008	José Luis González Castro	**8334***	Prototipo de cabina de control en Realidade Virtual para o xogo de exploración submarina subROV
2025VX/009	ISELTEC, SL	B70444823	Gato
2025VX/0010	ACARINO FILMS, SL	B72674609	XERME



ANEXO II
SOLICITUDES ADMITIDAS PARA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Exp	Solicitante	NIF	Proxecto
2025VX/001	MELGO CINEMA, SOCIEDAD LIMITADA	B70567672	"O noso pasar: A nosa fantasía"
2025VX/002	ILUX VISUAL TECHNOLOGIES, SL	B70089131	Caminos de vida
2025VX/003	AQUELADAS, S. COOP. XUVENIL	F05294558	MACEN-93
2025VX/004	ANDREA RODRIGUEZ LÓPEZ	**2732***	Unicorn Wars
2025VX/005	Ruth María González González	**9777***	CAPÍTULO 3 TRISTAN TÉLLEZ
2025VX/006	Cristela Torres Nine	**4908***	PORTALÉN
2025VX/007	TESTAFERRO, SL	B56685720	SANDWICH CAT (O VIDEOXOGO)
2025VX/008	José Luis González Castro	**8334***	Prototipo de cabina de control en Realidade Virtual para o xogo de exploración submarina subROV
2025VX/009	ISELTEC, SL	B70444823	Gato
2025VX/0010	ACARINO FILMS, SL	B72674609	XERME



ANEXO III
SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA

Exp	Solicitante	Proxecto	NIF	Valoración automática	Valoración técnica	Puntuación total
2025VX/003	AQUELADAS, S. COOP. XUVENIL	MACEN-93	F05294558	31,00	33,00	64,00
2025VX/0010	ACARINO FILMS, SL	XERME	B72674609	34,00	30,00	64,00
2025VX/007	TESTAFERRO, SL	SANDWICH CAT (O VIDEOXOGO)	B56685720	31,00	26,50	57,50
2025VX/001	MELGO CINEMA, SOCIEDAD LIMITADA	"O noso pasar: A nosa fantasía"	B70567672	31,00	25,00	56,00
2025VX/004	ANDREA RODRIGUEZ LÓPEZ	Unicorn Wars	**2732***	25,00	29,50	54,50
2025VX/009	ISELTEC, SL	Gato	B70444823	28,00	25,00	53,00
2025VX/002	ILUX VISUAL TECHNOLOGIES, SL	Caminos de vida	B70089131	30,00	20,50	50,50
2025VX/008	José Luis González Castro	Prototipo de cabina de control en Realidade Virtual para o xogo de exploración submarina subROV	**8334***	14,00	35,50	49,50
2025VX/006	Cristela Torres Nine	PORTALÉN	**4908***	24,00	25,00	49,00
2025VX/005	Ruth María González González	CAPÍTULO 3 TRISTAN TÉLLEZ	**9777***	24,00	22,00	46,00



ANEXO IV
SOLICITUDES SUBVENCIONADAS CON INDICACIÓN DO IMPORTE PROPOSTO

N.º EXP	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA PROPOSTA	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026
2025VX/003	AQUELADAS, S. COOP. XUVENIL	F05294558	MACEN-93	11.361,37 €	11.361,37 €	5.680,685 €	5.680,685 €
2025VX/0010	ACARINO FILMS, SL	B72674609	XERME	25.000,00 €	25.000,00 €	12.500,000 €	12.500,000 €
2025VX/007	TESTAFERRO, SL	B56685720	SANDWICH CAT (O VIDEOXOGO)	25.000,00 €	25.000,00 €	12.500,000 €	12.500,000 €
2025VX/001	MELGO CINEMA, SOCIEDAD LIMITADA	B70567672	"O noso pasar: A nosa fantasía"	25.000,00 €	25.000,00 €	12.500,000 €	12.500,000 €
2025VX/004	ANDREA RODRIGUEZ LÓPEZ	**2732***	Unicorn Wars	25.000,00 €	25.000,00 €	12.500,000 €	12.500,000 €
2025VX/009	ISELTEC, SL	B70444823	Gato	25.000,00 €	17.500,00 €	8.750,000 €	8.750,000 €
2025VX/008	José Luis González Castro	**8334***	Prototipo de cabina de control en Realidade Virtual para o xogo de exploración submarina subROV	8.400,00 €	5.880,00 €	2.940,000 €	2.940,000 €
2025VX/006	Cristela Torres Nine	**4908***	PORTALÉN	25.000,00 €	15.258,63 €	7.629,315 €	7.629,315 €



ANEXO V

SOLICITUDES DESESTIMADAS

Nº EXP	SOLICITANTE	PROXECTO	NIF	PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS AUTOMÁTICOS	PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS TÉCNICOS	TOTAL
2025VX/002	ILUX VISUAL TECHNOLOGIES, SL	Caminos de vida	B70089131	30,00	20,50	50,50
2025VX/005	Ruth María González González	CAPÍTULO 3 TRISTAN TÉLLEZ	**9777***	24,00	22,00	46,00

